



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2017 TÉCNICO/A SUPERIOR EN DOCUMENTACIÓN SANITARIA

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números E56 e E110 da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Coa clasificación de CIE-9- MC, en canto aos diagnósticos, indique cal das seguintes afirmacións non é a correcta

- A) Cada código da CIE-9-MC só pode ser utilizado unha vez en cada rexistro.
- B) Os códigos de diagnóstico escritos en letra itálica e entre corchetes nunca poden ser utilizados como diagnóstico principal.
- C) Se un proceso ten varias etioloxías probables pero á alta non se confirmou ningunha delas, codifícase a enfermidade como de causa non especificada.
- D) Cando nun episodio de hospitalización, un diagnóstico á alta veña reflectido no informe como “sospeita de” este sempre deberá ser codificado como certo.

2. A CIE-10-ES non considera portador á persoa

- A) Na que se establece e prolifera un microorganismo sen causarlle enfermidade, aínda que potencialmente podería acabar desenvolvéndoa.
- B) Con sospeita de colonización.
- C) Que alberga e transmite un xerme, pero non padece a infección e non ten síntomas.
- D) Con presenza de microorganismos viables no torrente sanguíneo sen repercusión clínica sistémica.

3. En CIE-10-ES, o tipo de procedemento “Aborto”:

- A) Débese empregar para os abortos espontáneos.
- B) Débese empregar para os abortos legais.
- C) Débese empregar en abortos de máis de 12 semanas.
- D) Ningunha é correcta.

4. O sistema IANUS ...

- A) Identifica todo intento de acceso á información contida na historia clínica.
- B) Identifica ao profesional que accede cando utiliza a súa tarxeta identificativa e a súa sinatura electrónica.
- C) Rexistra os accesos denegados.
- D) Todas son certas.

5. O capítulo 2 da CIE-10-ES, clasifica as neoplasias segundo o seu comportamento e topografía. Para a codificación das neoplasias, cal das seguintes afirmacións é certa?

- A) Se no propio literal da localización do linfoma, vai incluído o tipo histolóxico, non é necesario o código morfolóxico.
- B) A morfoloxía do tumor estúdase mediante técnicas de imaxe.
- C) A CIE-10-ES non facilita códigos de morfoloxía tumoral.
- D) Carcinoma SAI significa: Sen Anatomomía Patolóxica Indiferenciada.

6. O Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, clasificou os hospitais en cinco grupos. Esta clasificación realizouse mediante:

- A) Unha análise de varianza da estancia.
- B) Unha análise de dotación.
- C) Unha análise de conglomerados.
- D) Ningunha é correcta.

7. Para a codificación de procedementos, a CIE-10-ES, non considera transplante ao:

- A) Transplante de córnea.
- B) Transplante de médula ósea.
- C) Transplante de cara.
- D) As respostas A e B son correctas.

8. Analízase a calidade da información do CMBD dun hospital. Cal das aproximacións analíticas non utilizaría?

- A) Análise de calidade intracampo.
- B) Análise da especificidade da información clínica.
- C) Análise dos rendementos cirúrxicos.
- D) Análise de calidade comparada entre episodios de hospitalización do mesmo paciente.

9. Sinale a resposta correcta segundo a CIE-9-MC, en relación aos estados subagudos:

- A) En certas circunstancias, a CIE-9-MC indícanos que deben ser considerados crónicos.
- B) Cando non aparecen como modificadores esenciais no índice alfabético, ignorarémolos.
- C) Considéranse agudos por defecto.
- D) Todas as respostas son certas.

10. O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD), derroga...

- A) A Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD).
- B) A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, e o regulamento que a desenvolve (RD 1720/2007, do 21 de decembro).
- C) O RD 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desesenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- D) A Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

11. Nunha xestante que tivo un episodio de hospitalización no cal o diagnóstico principal é preeclampsia, cal das seguintes datas é a adecuada para asignar o díxito de trimestre de embarazo para esa afección en CIE-10-ES?

- A) A data en que se establece o diagnóstico.
- B) A data de ingreso.
- C) A data de alta.
- D) A data do procedemento relacionado co diagnóstico.

12. A cirurxía bariátrica ten como fin restrinxir a capacidade gástrica en casos, por exemplo, de obesidade mórbida. Cal dos seguintes é unha entrada en índice alfabético adecuada para a gastrectomía tubular ou "sleeve" en CIE-9-MC?

- A) Gastrectomía parcial proximal.
- B) Gastrectomía parcial laparoscópica vertical.
- C) Gastrectomía parcial con gastroduodenostomía.
- D) Gastrectomía parcial con transposición xexunal.

13. O óso trapecio con que óso dos seguintes non se articula:

- A) Co óso escafoide.
- B) Co primeiro metacarpiano.
- C) Co segundo metacarpiano.
- D) Co radio.

14. En canto aos procesos de dixitalización e intercambio de documentos ...

- A) Non se poden intercambiar documentos dixitalizados cunha resolución maior que 200 ppp.
- B) A estrutura XML permite o intercambio de documentos electrónicos, os metadatos mínimos obrigatorios e a sinatura electrónica do ficheiro imaxe obtido.
- C) Para o intercambio é obrigatorio aplicar unha sinatura electrónica que inclúa os metadatos obrigatorios e os metadatos complementarios.
- D) Todas son correctas.

15. A miúdo os termos mucosite oral e estomatite empréganse indistintamente, sen embargo non se refiren a procesos idénticos. Para a súa identificación e codificación correcta coa CIE-10-ES deberá terse en conta:

- A) A mucosite afecta sempre tamén a esófago e outras mucosas e orificios.
- B) Codifícanse ambas co mesmo código.
- C) As mucosites adoitan ser secundarias.
- D) As estomatites denomínanse tamén queilites.

16. Que instrución utiliza a CIE-10-ES para indicar que se poden utilizar dous códigos para describir unha afección proporcionando orde secuencial dos códigos.

- A) "Véxase ademais".
- B) "Codificar ademais".
- C) "Utilice código adicional".
- D) "Inclúe".

17. Cal das seguintes afirmacións acerca da CIE é incorrecta?

- A) A primeira edición da clasificación denominábase Lista Internacional de Causas de Morte.
- B) A OMS fíxose cargo da clasificación en 1948 e publicou a sexta edición.
- C) A CIE-10 foi aprobada en maio de 1990.
- D) Os estados membros comezarán a utilizar CIE-11 en xaneiro de 2024.

18. Unha das seguintes afirmacións é falsa. Ao publicar os resultados dun estudo de investigación...

- A) Non se difundirán datos que permitan a identificación do paciente.
- B) Pódense difundir datos persoais se o paciente outorgou o seu consentimento por escrito.
- C) Pódense difundir datos que permitan a identificación se a Comisión de Ética e Investigación autoriza o estudo.
- D) Ningunha é falsa.

19. Segundo a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica...

- A) O consentimento informado é a expresión de conformidade do médico para aplicar o tratamento segundo o seu criterio profesional.
- B) O consentimento informado é a conformidade do paciente para que teña lugar unha actuación que afecte á súa saúde.
- C) O consentimento informado é o formulario previo a calquera actuación sanitaria que se lle presenta por escrito ao paciente para que firme aceptando a intervención e que leva tamén a sinatura do médico responsable.
- D) Ningunha é correcta.

20. Que definición de Aloexerto é a correcta?

- A) Exerto procedente do propio individuo.
- B) Exerto procedente de doante da mesma especie con xenos idénticos.
- C) Exerto procedente de doante da mesma especie con xenos distintos.
- D) Exerto procedente de doante de especie diferente.

21. Das seguintes respostas, cal se considera Fallo renal prerrenal, a efectos da clasificación CIE-10-ES?

- A) N17.9 Fallo renal agudo, non especificado.
- B) N19 Insuficiencia renal non especificada.
- C) R39.2 Uremia extrarrenal.
- D) N28.9 Trastorno do ril e do uréter, non especificado.

22. Segundo a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes...

- A) En cada centro sanitario, dependendo da dirección médica, constituirase a Comisión de Consentimento Informado e reunirse polo menos dúas veces ao ano.
- B) É función da Comisión de Consentimento Informado informar aos órganos da Consellería de Sanidade sobre o grao de implantación dos formularios de referencia.
- C) É función da Comisión de Consentimento Informado a valoración, selección e expurgación da documentación clínica.
- D) Todas son certas.

23. Segundo o RD 69/2015, do 6 de febreiro, polo que se regula o Rexistro de Actividade de Atención Sanitaria Especializada, cal é con carácter xeral, a unidade de rexistro?

- A) Estancia.
- B) Alta.
- C) Ingreso.
- D) Contacto.

24. É responsabilidade de cada centro sanitario:

- A) Regular o procedemento para que quede constancia do acceso á historia clínica e o seu uso.
- B) Garantir o dereito do paciente a que se respecte o carácter confidencial dos seus datos de saúde.
- C) Determinar o contido da historia clínica.
- D) Establecer os criterios de acceso á historia clínica con fins distintos ao asistencial.

25. O paciente ten acceso directo á historia clínica a través de Internet ...

- A) Previa comprobación do sistema IANUS da identidade do interesado e exclusivamente a aquela información que determine a lei.
- B) Ao contido íntegro da historia clínica se ten sinatura electrónica e clave de acceso.
- C) Só ao contido da historia clínica do seu hospital de referencia se ten sinatura electrónica e coñece o seu número de historia.
- D) Só se usa a rede local e-Saúde e ten toda a súa documentación dixitalizada.

26. A historia clínica dixital do Sistema Nacional de Saúde está deseñada para...

- A) Establecer protocolos comúns de acceso á historia clínica entre os servizos de saúde das comunidades autónomas.
- B) Compartir datos clínicos relevantes.
- C) Garantir a accesibilidade e protección da intimidade.
- D) Intercambiar os datos das historias clínicas dos servizos de saúde das comunidades autónomas.

27. En relación co conxunto mínimo básico de datos (CMBD), cal é a resposta correcta?

- A) É obrigatorio por lei a partir do dictame do Consello Interterritorial do SNS do 25 de Abril de 1986.
- B) Reúne características dos pacientes atendidos, tales coma idade, sexo, raza e lugar de residencia.
- C) A base de datos para elaborar o CMBD estatal de hospitalización, inclúe tamén desde 2016 os datos dos hospitais privados.
- D) Ningunha é correcta.

28. A efectos de clasificación con CIE-10-ES, indique que sétimo carácter debe asignarse para o tipo de contacto no caso dunha fractura aberta do pescozo do fémur que non ten especificado o tipo que corresponde coa clasificación de Gustilo:

- A) Un sétimo carácter de fractura aberta tipo I.
- B) Un sétimo carácter de fractura aberta tipo I ou II.
- C) Un sétimo carácter de fractura aberta tipo II ou III.
- D) Non se aplica nestes casos a clasificación de Gustilo.

29. Unha das seguintes afirmacións de SNOMED CT non é correcta:

- A) A unidade semántica básica da terminoloxía son os conceptos
- B) Os conceptos están estruturados en múltiples xerarquías, que se asocian a descrições e manteñen relacións entre eles.
- C) Cada concepto de SNOMED CT (ConceptID) é un significado clínico identificado mediante un código alfanumérico único, permanente e non reutilizable.
- D) SNOMED CT é unha terminoloxía clínica de uso exclusivo para a área da Anatomía Patolóxica.

30. O paciente ten dereito de acceso á documentación da historia clínica e a obter copia dos datos que figuran na mesma ...

- A) Limitado polo dereito dos profesionais que poden opoñer reserva das súas anotacións subxectivas.
- B) Ten acceso directo nos procedementos administrativos de esixencia de responsabilidade patrimonial polo que non pode exercitalo por representación.
- C) Ambas son falsas.
- D) Ambas son certas.

31. Dos seguintes documentos, non é necesario conservar indefinidamente ...

- A) O informe de alta.
- B) Os informes das intervencións cirúrxicas, rexistros de parto, informes de exploracións complementarias.
- C) As follas de evolución e planificación de coidados de enfermería.
- D) As gráficas de constantes.

32. Sinale a afirmación correcta.

- A) A obtención do consentimento informado é un dereito do paciente.
- B) A prestación do consentimento informado é un deber do médico responsable da asistencia.
- C) O paciente ten dereito a negarse ao tratamento.
- D) Todas son falsas.

33. Que tipo de documentos se utiliza para importar unha táboa de datos?:

- A) .doc
- B) .tdd
- C) .csv
- D) .tdt

34. Segundo o RD 69/2015, do 6 de febreiro, polo que se regula o Rexistro de Actividade de Atención Sanitaria Especializada, cando se considera o contacto no Hospital de día médico como episodio de "hospitalización"?

- A) Cando é motivado por unha complicación.
- B) Cando o contacto se produce para quimioterapia.
- C) Cando o paciente teña permanecido no centro máis de 24 horas desde o inicio do contacto.
- D) Cando se prolongue o contacto debido a unha complicación.

35. Que glándula está situada sobre a sela turca do esfenoide?

- A) Timo.
- B) Glándula Tiroide.
- C) Glándula Pineal.
- D) Hipófise.

36. A efectos de clasificación con CIE-10-ES, indique cal das respostas non é a correcta:

- A) As úlceras de presión clasifícanse en base á severidade.
- B) As úlceras de presión precisan de códigos de combinación para a localización da úlcera por presión e o estadio.
- C) Se unha úlcera por presión ten asociada unha gangrena, a gangrena secuenciárase en segundo lugar.
- D) Para as úlceras de presión cicatrizadas non se debe asignar código.

37. É-Saúde é a ferramenta do Sergas de comunicación co cidadán, accesible dende calquera lugar e dispositivo (ordenador, móbil...) que lle permite o acceso a servizos e contidos de saúde personalizados. Existen tres tipos de entradas en función do contido ao que accede. Para o acceso con seguridade alta é necesario introducir:

- A) O seu correo electrónico e un contrasinal.
- B) A Tarxeta Sanitaria e o Código de Identificación Persoal (CIP).
- C) O seu DNle ou credenciais do sistema CHAVE365.
- D) O seu DNle e o seu correo electrónico.

38. En CIE-10-ES, os déficits neurolóxicos isquémicos reversibles (DNIR):

- A) Teñen o seu código específico na edición actual.
- B) Codifícanse como accidente isquémico transitorio.
- C) Codifícanse como infarto cerebral.
- D) Codifícanse segundo o déficit que presenta o paciente.

39. Coa clasificación CIE-10-ES, indique que resposta non é a correcta:

- A) Un código de dependencia de osíxeno suplementario require obrigatoriamente un código de insuficiencia respiratoria crónica.
- B) Un código de estado de dependencia de respirador require, por defecto, un código de insuficiencia respiratoria.
- C) Un código de insuficiencia respiratoria crónica é sempre código adicional cando o paciente ingresa por un fallo mecánico no funcionamento do seu respirador.
- D) Nos nenos, habitualmente, considérase que existe insuficiencia respiratoria cando se precisa a utilización de oxigenoterapia.

40. Respecto á variable Presente ao ingreso (POA), cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) O diagnóstico principal soamente pode ter os valores Si "S", Non "N" ou Indeterminado "I".
- B) Unha enfermidade crónica que se diagnostica tras o ingreso levará un POA con valor "N".
- C) Nun código de combinación, se algunha parte do mesmo non estaba presente ao ingreso, asignarase POA con valor "N".
- D) As secuelas de traumatismos sempre levarán un POA con valor "S".

41. A CIE-10-ES. Diagnósticos relaciona a Síndrome de Seudoexfoliación co:

- A) Cancro de colo uterino.
- B) Carcinoma basocelular de pel do oído.
- C) Glaucoma.
- D) Epidermólise bullosa.

42. En CIE-10-ES, para clasificar o consumo de substancias psicoactivas, sinale a resposta correcta:

- A) Se están documentados dependencia e abuso, codifícase como abuso.
- B) Se están documentados dependencia e uso, codifícase como abuso.
- C) Se se documentan abuso e dependencia, o código dependerá da circunstancia de ingreso.
- D) Ningunha é correcta.

43. Sinale a correcta.

- A) O identificador do paciente é único para cada centro sanitario.
- B) O número de historia clínica asígnase no primeiro contacto do usuario co centro sanitario.
- C) Son identificadores do paciente: o NASI, o CIP e o número de historia clínica.
- D) O número de historia clínica é único para cada usuario no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

44. Segundo a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica:

- A) Os pacientes teñen dereito a coñecer, con motivo de calquera actuación no ámbito da saúde, toda a información dispoñible sobre a mesma, salvando os supostos exceptuados pola lei.
- B) A información clínica será verdadeira, comunicaráselle por escrito de forma comprensible e adecuada ás súas necesidades e axudarlle a tomar decisións de acordo coa súa propia e libre vontade.
- C) Toda persoa ten dereito a que se respecte a súa vontade de non ser informada e a negarse ao tratamento, o que supoñerá a alta voluntaria.
- D) O centro sanitario garantirá que os profesionais que prestan a asistencia dean cumprimento ao dereito do paciente á información.

45. Respecto aos seguintes sistemas de clasificación de pacientes (SCP), cal das seguintes afirmacións non é correcta?

- A) APR-DRGs, DS (Disease Staging) e PMCs (Patient Management Categories) son SCP propios de centros de hospitalización de agudos.
- B) APACHE II é un SCP propio de unidades de críticos.
- C) PLAISIR, FRED y RUG-III son SCP propios de centros de media e longa estancia.
- D) A fonte de información necesaria e suficiente de todos os anteriores é o RAE-CMBD.

46. En relación coa Clasificación Internacional de Atención Primaria CIAP-2, sinale a afirmación incorrecta:

- A) Publicouse en 1998 en inglés e un ano máis tarde en español.
- B) Ten tamén un formato electrónico co acrónimo CIAP-2-E.
- C) Baséase en códigos alfanuméricos de 4 caracteres.
- D) Algúns caracteres relaciónanse con signos e síntomas.

47. A taxa de incidencia anual:

- A) Reflicte os casos aparecidos durante ese ano respecto á poboación susceptible.
- B) Reflicte os casos existentes durante ese ano respecto á poboación susceptible.
- C) Reflicte os casos aparecidos durante ese ano respecto a toda a poboación.
- D) É unha medida de dispersión.

48. Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) O persoal que accede aos datos da historia clínica no exercicio das súas funcións queda suxeito ao deber de segredo.
- B) O deber de segredo non aplica á Administración Pública cando accede por razóns epidemiolóxicas ou de protección da saúde pública.
- C) O persoal de administración e xestión non pode acceder aos datos da historia clínica.
- D) Todas son correctas.

49. Dos seguintes casos, indique cal se debe codificar co tipo de procedemento CONTROL:

- A) Hemorragia por úlcera péptica. Inxección endoscópica de epinefrina.
- B) Hemorragia debida a corte de arteria radial dereita tras intento de suicidio. Sutura arterial aberta.
- C) Hemorragia duodenal. Sutura endoscópica de vaso sanguíneo duodenal.
- D) Hemoptise masiva. Embolización endovascular (mediante cateterismo) de arteria bronquial con coils.

50. Cal das seguintes correspondencias acrónimo–significado non é correcta?

- A) LSIL : Lesión escamosa intrepitelial de baixo grao.
- B) CIN I : Displasia leve cérvix.
- C) HLSIL : Lesión escamosa intrepitelial de alto grao.
- D) CIN III : Displasia moderada cérvix.

51. Con relación á Historia Clínica Dixital do Sistema Nacional de Saúde (HCDSNS), cal das seguintes afirmacións non é correcta?

- A) Para acceder, os profesionais sanitarios teñen que estar autorizados por cada Comunidade Autónoma.
- B) Calquera persoa pode acceder a todas as HCDSNS dispoñibles en formato dixital, debendo dispoñer para iso dun sistema de identificación electrónica seguro.
- C) Non todos os Servizos de Saúde activaron o perfil emisor.
- D) A Historia Clínica Resumida (HCR) está activada a súa emisión á demanda dende a maioría dos Servizos de Saúde.

52. Actualmente, o documento polo que unha persoa, maior de idade, capaz e libre, manifesta a súa vontade sobre os coidados e tratamento que desexa recibir cando non sexa capaz de expresala persoalmente, denomínase:

- A) Testamento vital.
- B) Vontades anticipadas.
- C) Instrucións previas.
- D) Consentimento informado.

53. Sobre os dereitos ARCO e en relación co dereito de acceso:

- A) Trátase do dereito dunha persoa para solicitar información ao responsable do ficheiro sobre se os seus datos persoais están a ser tratados.
- B) Trátase do dereito dunha persoa para coñecer que datos persoais seus contén un ficheiro.
- C) Trátase do dereito dunha persoa para dar acceso ao responsable dun ficheiro para procesar os seus datos persoais.
- D) Trátase do dereito dunha persoa a que o responsable do ficheiro lle facilite o acceso aos seus datos persoais nun ficheiro estruturado e claro.

54. Unha das seguintes afirmacións é falsa.

- A) As copias electrónicas dun documento electrónico ou dunha copia electrónica auténtica, deben incluír os metadatos que acrediten a súa condición de copia e que se visualicen ao consultar o documento.
- B) Os metadatos mínimos obrigatorios e os complementarios son datos que definen e describen outros datos.
- C) Son metadatos complementarios: a identificación do documento, o órgano xerador do documento e a data de captura.
- D) Os metadatos facilitan a creación, xestión, uso e conservación dos datos.

55. Con motivo de calquera actuación no ámbito da saúde, o contido mínimo da información asistencial que se proporcionará ao paciente deixando constancia na historia clínica comprende:

- A) Finalidade de cada intervención e os seus riscos máis frecuentes.
- B) Natureza de cada intervención e os seus riscos máis frecuentes.
- C) Finalidade, natureza de cada intervención, riscos e consecuencias máis frecuentes.
- D) Finalidade de cada intervención, riscos e consecuencias máis frecuentes.

56. Facendo expurgación da documentación da historia clínica dun paciente falecido o ano anterior, é necesario conservar...

- A) O informe de alta.
- B) As follas de consentimento informado.
- C) As gráficas de constantes.
- D) Todas son correctas.

57. Estamos a comparar dous hospitais ao longo dun ano. O hospital A tivo 12.000 altas e unha estancia media de 8,5 días. O hospital B tivo 9.000 altas e unha estancia media de 7,2 días. Tendo en conta estes datos:

- A) O hospital B é máis eficiente tratando aos seus pacientes.
- B) O hospital A ten unha maior frecuentación.
- C) Todo o anterior é certo.
- D) Nada do anterior é certo.

58. Cal dos seguintes non é un procedemento da CIE-9-MC admitido durante un episodio de parto normal?

- A) Episiotomía.
- B) Monitorización fetal.
- C) Esterilización.
- D) Todos son admitidos.

59. Nun informe de alta dun paciente con cirrose e coledocolitiase que ingresou por ictericia, o diagnóstico documentado polo clínico é: hepatite aguda con sospeita de etioloxía viral ou etílica. Cal das seguintes opcións é a axeitada para a codificación correcta do diagnóstico principal, de acordo coa CIE-9-MC?

- A) 571.2 Cirrose hepática alcohólica.
- B) 571.1 Hepatite alcohólica aguda.
- C) 570 Necrose hepática aguda e subaguda.
- D) 070.9 Hepatites víricas non especificadas sen coma hepático.

60. Nunha contorna de traballo con CIE-10-ES, un paciente é ingresado por un ictus presentando hemiparesia esquerda que se resolve completamente ao terceiro día de hospitalización, non presentando ningún déficit ao alta hospitalaria. Con relación ao déficit motor:

- A) Asignarase código, xa que a hemiparesia existiu.
- B) Non se asignará código, posto que a hemiparesia resolveuse antes do alta do episodio.
- C) Non se asignará código neste episodio, pero na seguinte hospitalización codificarase un déficit transitorio previo.
- D) Asignarase código unicamente se a lateralidade é dominante.

61. Nunha paciente non xestante que ingresou por unha infección, durante o episodio de hospitalización lógrase identificar o xerme causante da mesma. A codificación neste caso concreto precisa de dous códigos, un para a infección propiamente dita e outro para o microorganismo. Asigne marcador POA a cada un destes códigos:

- A) Asignarase "S" ao código de infección e "N" ao código do microorganismo identificado tras o ingreso.
- B) Asignarase "S" ao código de infección e "E" ao código do microorganismo identificado tras o ingreso.
- C) Asignarase "S" ao código de infección e "S" ao código do microorganismo identificado tras o ingreso.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

62. Os primeiros GRDs utilizáronse en USA pola administración sanitaria como sistema de:

- A) Pago retrospectivo.
- B) Pago prospectivo.
- C) Pago per cápita.
- D) Pago agrupado anual.

63. Paciente con antecedentes persoais de etilismo e hipertensión portal que ingresa por hematemese e se lle diagnostica de hemorraxia esofáxica. Asigne o código axeitado da CIE-10-ES para a hemorraxia esofáxica neste caso:

- A) I85.11 Varices esofáxicas secundarias con sangrado.
- B) K92.2 Hemorraxia gastrointestinal non especificada.
- C) K92.0 Hematemese.
- D) K22.8 Outras enfermidades especificadas do esófago.

64. Como codificaremos un paciente de 19 anos que ingresa por coma etílico?

- A) F10.129 Abuso de alcol con intoxicación, non especificada + R40.20 Coma non especificado.
- B) R40.20 Coma non especificado + F10.129 Abuso de alcol con intoxicación, non especificada.
- C) T51.0X1- Intoxicación accidental por alcol + R40.20 Coma non especificado.
- D) R40.20 Coma non especificado + T51.0X1- Intoxicación accidental por alcol.

65. Paciente que ingresa por estrinximento e dor abdominal, con antecedente persoal de caída na rúa. O diagnóstico á alta é hematoma perianal. A opción correcta de codificación do hematoma, de acordo coa CIE-10-ES, é:

- A) S39.93XS Traumatismo non especificado da pelve, secuela.
- B) K64.5 Trombose venosa perianal.
- C) K64.9 Hemorroides non especificadas.
- D) S30.3XXA Contusión de ano, contacto inicial.

66. Paciente con frecuentes asistenciais no servizo de urxencias, ingresa por sospeita de tumor de vexiga pero sen sintomatoloxía recente. Realizada cistoscopia descártase patoloxía neoplásica. Indique cal dos seguintes supostos é correcto para este caso.

- A) Ante o diagnóstico de sospeita da enfermidade, considerárase como se estivese confirmado ou presente.
- B) Ante a sospeita da enfermidade e realizada a cistoscopia que non confirma nin descarta a enfermidade, codifícase como se se tratara dun diagnóstico de sospeita.
- C) Ante a sospeita da enfermidade sen presentar síntomas nin signos asociados e realizada a cistoscopia, que descarta a enfermidade. Codifícase cun código de "Contacto para observación médica de enfermidades e afeccións sospeitadas que se descartan".
- D) Este caso non se codifica no ámbito da hospitalización xa que non existe un diagnóstico establecido.

67. En CIE-10-ES, un fallo cardíaco nun paciente con prótese valvular codifícase sempre por norma:

- A) Asignando un código de hipofunción cardíaca.
- B) Asignando un código de insuficiencia cardíaca posprocedemento despois de cirurxía cardíaca.
- C) Asignando un código de complicación mecánica de prótese valvular cardíaca.
- D) Ningunha é correcta.

68. Unha xestante de 13 semanas acode por dor abdominal sendo diagnosticada de aborto diferido. Realízase dilatación e legrado. En CIE-10-ES, o tipo de procedemento que se asignará neste caso é:

- A) Dilatación.
- B) Escisión.
- C) Extracción.
- D) Resección.

69. En CIE-9-MC, para reflectir un procedemento previsto pero non realizado.

- A) Asígnase un código diagnóstico.
- B) Asígnase un código de procedemento de inspección do aparello ou sistema orgánico implicado.
- C) Asígnase un código de procedemento de exploración do aparello ou sistema orgánico implicado.
- D) Ningunha resposta é correcta.

70. Unha paciente con epistaxe é ingresada desde urxencias para tratamento. Practícaselle taponamento nasal. O sistema orgánico axeitado para codificar este procedemento en CIE-10-ES é:

- A) Sistema Respiratorio, da sección Médico-Cirúrxica.
- B) Oído, Nariz, Seos Paranasais, da sección Médico-Cirúrxica.
- C) Sistemas Fisiolóxicos e Rexións Anatómicas, da sección Outros Procedementos.
- D) Orificios Anatómicos, da sección Colocación.

71. Paciente que ingresa para tratamento cirúrxico ante o achado dun nódulo tiroideo esquerdo. Realízase lobectomía tiroidea esquerda por cervicotomía. Das seguintes opcións, cal sería a correcta para este caso (con CIE-10-ES).

- A) Escisión Lóbulo Glándula Tiroides, Esquerda.
- B) Resección Lóbulo Glándula Tiroides, Esquerda.
- C) Resección Glándula Tiroides, Esquerda.
- D) Escisión Glándula Tiroides, Esquerda.

72. Paciente diagnosticado de diabetes mellitus e en tratamento con insulina, que ingresa por tumefacción e úlcera no pé dereito. O diagnóstico á alta é: pé diabético. Anxiopatía periférica e neuropatía. Cal das seguintes opcións é a correcta para a codificación do diagnóstico principal con CIE-10-ES?

- A) Diabetes mellitus tipo 1 con anxiopatía periférica.
- B) Diabetes mellitus tipo 2 con anxiopatía periférica.
- C) Diabetes mellitus tipo 2 con outras complicacións especificadas.
- D) Diabetes mellitus tipo 1 con anxiopatía periférica sen gangrena.

73. Paciente con ausencia conxénita de válvula mitral. Asigne opción de codificación axeitada para o procedemento, de acordo coa CIE-10-ES, para a corrección a partires da válvula atrioventricular común, con substituto sintético.

- A) Creación de válvula mitral con substituto sintético, abordaxe percutánea.
- B) Suplemento de válvula mitral, con substituto sintético, abordaxe percutánea.
- C) Creación de válvula mitral, con substituto sintético, abordaxe aberta.
- D) Reparación de válvula mitral, abordaxe percutánea, con calificador Válvula Atrioventricular.

74. No hospital H produciuse un ataque aos ficheiros mestres do Servizo de Admisión e vostede é o delegado de protección de datos da empresa. Notificouse á autoridade de control competente o seu nome e os seus datos como punto de contacto para obter información. Ademais das súas funcións regulamentarias deberá...

- A) Notificar as persoas interesadas que se produciu un fallo na seguridade e rexistrar o número de persoas afectadas.
- B) Notificar á autoridade de control que se produciu unha violación da seguridade, documentando que datos se viron afectados e as medidas para mitigar os efectos negativos.
- C) Informar as persoas interesadas das posibles consecuencias da violación de seguridade e das medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.
- D) Ningunha é función do delegado de protección de datos.

75. Cal dos seguintes non é unha síndrome paralítica definida no Manual Codificación da CIE-10-ES Diagnósticos, edición 2018?

- A) Monoplexía.
- B) Homoplexía.
- C) Diplexía.
- D) Triplexía.

76. Paciente con cardiopatía hipertensiva e enfermidade renal crónica estadio IV, ingresa por insuficiencia renal aguda e insuficiencia cardíaca conxestiva. Indique cal dos seguintes códigos de diagnóstico non debe ser utilizado na secuencia da codificación deste suposto caso:

- A) I13.0 Enfermidade cardíaca e renal crónica hipertensiva con insuficiencia cardíaca e enfermidade renal crónica estadios 1 a 4 ou enfermidade renal crónica non especificada.
- B) I12.9 Enfermidade renal crónica hipertensiva con enfermidade renal crónica en estadio 1 a 4 ou con enfermidade renal crónica non especificada.
- C) N18.4 Enfermidade renal crónica, estadio 4 (grave).
- D) N17.9 Fallo renal agudo, non especificado.

77. Dispense a archivar a historia clínica número 214301, as opcións posibles son:

- A) Colocala na sección 01, xunto a todas as historias que acaben en 01.
- B) Colocala entre o número 214300 e o número 214302.
- C) Colocala na sección 301, entre o número 213301 e o número 215301.
- D) Calquera é posible.

78. Paciente con FA a tratamento con anticoagulantes orais que se presenta para cirurxía ambulatoria por hernia inguinal esquerda. Debido a unha alteración da coagulación, a intervención é suspendida. Dos seguintes supostos tendo en conta as normas sobre codificación no ámbito ambulatorio, con CIE-10-ES, indique cal non é correcta:

- A) Neste caso non se aplica a definición de diagnóstico principal.
- B) Neste caso débese codificar o motivo da intervención como primeiro diagnóstico.
- C) Neste caso non existe un diagnóstico establecido xa que a cirurxía foi suspendida.
- D) Neste caso pódese rexistrar a alteración da coagulación como diagnóstico secundario.

79. Clasifícanse como "E" (Exento) na variable POA (presente ao ingreso).

- A) As neoplasias diagnosticadas previamente.
- B) Os traumatismos orixinados tras o ingreso hospitalario.
- C) Algunhas causas externas.
- D) Todas son correctas.

80. Paciente con diagnóstico a alta de encefalopatía tóxica debido ao uso excesivo de aspirina. Indique neste caso con que tipo de lesión debe indizar para unha correcta codificación:

- A) RAM.
- B) Envenenamento.
- C) Efecto tóxico.
- D) Efecto adverso.

81. En caso de violación das medidas de seguridade dun ficheiro de datos de carácter persoal...

- A) O responsable do tratamento notificarao á autoridade de control competente no prazo de 72 horas.
- B) O encargado do tratamento notificarao á autoridade de control competente no prazo de 72 horas, a non ser que sexa imposible que constituía un risco para os dereitos e liberdades das persoas.
- C) O encargado do tratamento documentará calquera violación dos datos de carácter persoal, os seus efectos e as medidas correctivas tomadas.
- D) O responsable do tratamento ademais de comunicalo á autoridade de control competente, comunicarao ás persoas interesadas sen dilación indebida.

82. Vostede está a revisar e dixitalizando as historias clínicas dos falecidos en 1990, que documentos debe conservar no seu formato orixinal indefinidamente?:

- A) O informe de alta.
- B) Os datos administrativos.
- C) O informe de necropsia
- D) Ningún deles.

83. Coa clasificación CIE-10-ES, indique que código debe secuenciarse en primeiro lugar nun paciente en diálise por fallo renal crónico en estadio terminal, debido a diabetes tipo 2.

- A) N18.6 Enfermidade renal en estadio terminal.
- B) I12.0 Enfermidade renal crónica hipertensiva con enfermidade renal crónica en estadio 5 ou con enfermidade renal en estadio terminal.
- C) E11.22 Diabetes mellitus tipo 2 con nefropatía diabética crónica.
- D) E13.22 Outros tipos especificados de diabetes mellitus, con nefropatía diabética crónica.

84. Unha xestante ingresa por infección urinaria e aos catro días ten lugar unha rotura de membranas que dá lugar a que se realice unha cesárea. Se estamos a codificar con CIE-10-ES:

- A) O diagnóstico principal será o código do capítulo de embarazo, complicado por rotura de membranas.
- B) O diagnóstico principal será o código do capítulo de xenitourinario, correspondente a infección urinaria.
- C) O diagnóstico principal será o código do capítulo de embarazo, complicado por enfermidade infecciosa.
- D) O diagnóstico principal será o máis relacionado co procedemento cirúrxico realizado á xestante.

85. O código O80 Admisión para o parto a termo non complicado:

- A) Pode utilizarse nun parto que se leva a cabo con ventosa.
- B) Pode utilizarse nun parto que se leva a cabo con fórceps baixo.
- C) Pode utilizarse se tamén se leva a cabo unha ligadura tubárica bilateral.
- D) Non pode utilizarse se se realiza episiotomía.

86. Paciente que ingresa con EPOC reagudizado por unha infección respiratoria aguda e bronquiectasias. Indique a secuencia correcta de códigos de diagnósticos coa clasificación CIE-10-ES.

- A) J47.0 Bronquiectasias con infección aguda de vías respiratorias baixas + J22 Outros trastornos respiratorios especificados.
- B) J47.1 Bronquiectasias con exacerbación (aguda) + J98.8 Outros trastornos respiratorios especificados.
- C) J47.0 Bronquiectasias con infección aguda de vías respiratorias baixas + J22 Infección aguda do tracto respiratorio inferior, non especificada + J47.1 Bronquiectasias con exacerbación (aguda).
- D) J47.0 Bronquiectasias con infección aguda de vías respiratorias baixas + J44.1 Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica con exacerbación (aguda) + J22 Infección aguda do tracto respiratorio inferior, non especificada + J47.1 Bronquiectasias con exacerbación (aguda).

87. Paciente diagnosticado dunha neoplasia en fase terminal, que ingresa para recibir coidados paliativos. Durante o ingreso desenvolve unha síndrome de lise tumoral. Cal das seguintes opcións é a correcta para a codificación do diagnóstico principal coa CIE-10-ES?

- A) Síndrome lise tumoral.
- B) Neoplasia.
- C) Contacto para coidados paliativos.
- D) Ningunha é correcta.

88. No caso de que no seu centro non se incorporen á historia clínica, que sistema de clasificación empregaría para arquivar as follas de asistencia no servizo de urxencias?

- A) Alfabética a partir do nome do paciente.
- B) Ordenación cronolóxica a partir da data de atención.
- C) Clasificación cronolóxica a partir da data de nacemento.
- D) Clasificación numérica por dígito terminal.

89. Está vostede traballando na explotación e análise do CMBD de hospitalización dun Servizo de Saúde dunha comunidade autónoma. Cal das seguintes respostas non é correcta en relación aos indicadores que pode utilizar?

- A) Taxa de infección nosocomial.
- B) Taxa de financiamento.
- C) Taxa de complicacións relacionadas coa atención recibida.
- D) Taxa de cesáreas.

90. Referido á lista de espera cirúrxica dun centro hospitalario, que dato nos proporciona máis información acerca da súa evolución temporal:

- A) O número de pacientes na lista en situación de espera médica.
- B) A porcentaxe de pacientes derivados a centros concertados.
- C) O índice de entradas/saídas.
- D) Ningún dos anteriores.

91. Cal das seguintes opcións é a correcta na codificación segundo a CIE-10-ES, dunha infección do tecido celular subcutáneo de orella dereita?

- A) H60.01 Absceso oído externo dereito.
- B) H60.311 Otite externa difusa, oído dereito.
- C) L08.89 Outros tipos de infeccións locais especificadas da pel e do tecido subcutáneo.
- D) Preguntar ao clínico.

92. Paciente que ingresa no hospital con signos de infección respiratoria e é diagnosticado de gripe por virus B. Indique que código debe utilizarse coa CIE-10-ES para clasificar a gripe B:

- A) J09.X2 Gripe debida a virus da nova gripe A identificado con outras manifestacións respiratorias.
- B) J10.1 Gripe debida a outros tipos de virus da gripe identificados con outras manifestacións respiratorias.
- C) J11.1 Gripe debida a virus da gripe non identificado con outro tipo de manifestacións respiratorias.
- D) J11.89 Gripe debida a virus da gripe non identificado con outras manifestacións.

93. Paciente que ingresa para retirada de material de osteosíntese tras ser tratado dunha fractura bimalleolar do nocello dereito. Indique a secuencia de códigos correcta:

- A) Z47.2 Contacto para eliminación de dispositivo de fixación interna + Z87.81 Historia persoal de fractura (consolidada) traumática.
- B) S82.841A Fractura bimalleolar desprazada de perna dereita, contacto inicial por fractura pechada + Código de Causa Externa + Z47.2 Contacto para eliminación de dispositivo de fixación interna.
- C) S82.841D Fractura bimalleolar desprazada de perna dereita, contacto sucesivo por fractura pechada con curas rutineiras + Código de Causa Externa.
- D) S82.841D Fractura bimalleolar desprazada de perna dereita, contacto sucesivo por fractura pechada con curas rutineiras + Código de Causa Externa + Z47.2 Contacto para eliminación de dispositivo de fixación interna.

94. Elix a opción correcta para a codificación do procedemento de electrocoagulación endoscópica de punto sangrante en fundus gástrico.

- A) Control en arterias superiores, tracto gastrointestinal, abordaxe natural ou artificial endoscópica.
- B) Control en tracto gastrointestinal con abordaxe por orificio natural ou artificial endoscópica.
- C) Destrución en estómago, con abordaxe por orificio natural ou artificial.
- D) Reparación en estómago, píloro, con abordaxe por orificio natural ou artificial.

95. Paciente con prótese total de cadeira (PTC) esquerda que ingresa polo servizo de urxencias tras sufrir caída accidental na rúa. É diagnosticado de fractura periPTC esquerda polo que ingresa para recibir tratamento cirúrxico. É intervido baixo anestesia raquídea realizándose osteosíntese con placa NCB de fémur proximal. A efectos de clasificación con CIE-10-ES, que secuencia de códigos de diagnóstico é a correcta para asignar código á fractura?

- A) M97.02 XA Fractura periprotésica ao redor de prótese articular interna da cadeira esquerda, contacto inicial + S72.002A Fractura de parte non especificada do colo de fémur esquerdo, contacto inicial por fractura pechada.
- B) S72.002A Fractura de parte non especificada do colo de fémur esquerdo, contacto inicial por fractura pechada + M97.02XA Fractura periprotésica ao redor de prótese articular interna da cadeira esquerda, contacto inicial.
- C) T84.011A Rotura de prótese interna de cadeira esquerda, contacto inicial + M97.02XA Fractura periprotésica ao redor de prótese articular interna da cadeira esquerda, contacto inicial.
- D) M97.02XA Fractura periprotésica ao redor de prótese articular interna da cadeira esquerda, contacto inicial + T84.011A Rotura de prótese interna de cadeira esquerda, contacto inicial.

96. Paciente que ingresa polo Servizo de Urxencias referindo dor e limitación funcional en MII atraumática. Diagnosticado hai un mes dun carcinoma epidermoide pobremente diferenciado en LSD con lesión metastásica lítica na diáfise femoral esquerda e en L5. Tras probas radiolóxicas diagnósticaselle de fractura patolóxica en terzo distal de fémur esquerdo. É intervido realizándose osteosíntese con cravo. Indique cal é a secuencia correcta de códigos de diagnóstico, en CIE-10-ES, neste suposto caso.

- A) Código de carcinoma en LSD e morfoloxía correspondente + Código de metástase en diáfise femoral esquerda e morfoloxía correspondente + Código de fractura.
- B) Código de metástase en diáfise femoral esquerda e morfoloxía correspondente + Código de carcinoma en LSD e morfoloxía correspondente + Código de fractura.
- C) Código de fractura traumática + Código de carcinoma en LSD e morfoloxía correspondente + Código de metástase en diáfise femoral esquerda e morfoloxía correspondente.
- D) Código de fractura patolóxica + Código de carcinoma en LSD e morfoloxía correspondente + Código de metástase en diáfise femoral esquerda e morfoloxía correspondente.

97. Para editar un texto nun programa de autoedición é necesario...

- A) Escribilo directamente ou importalo dun arquivo de texto.
- B) Importalo dun arquivo de texto.
- C) Para autoeditar ha de conter gráficos ou imaxes.
- D) Todas son correctas.

98. Nun informe de alta dun paciente de estancia prolongada debida a unha complicación cirúrxica, documéntase unha transfusión. Atendendo á CIE-10-ES Diagnósticos, cal das seguintes opcións se corresponde, neste caso, cunha codificación correcta?

- A) D50.9 Anemia ferropénica, non especificada.
- B) D62 Anemia poshemorráxica aguda.
- C) D64.9 Anemia, non especificada.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

99. Os Grupos Relacionados co Diagnóstico (GRDs) desenvolvéronse en Estados Unidos de Norteamérica e comezaron a utilizarse nas axencias do sistema público asistencial. Sabería identificar o enunciado correcto?.

- A) HCFA é Health Care Financing Administration, CMS é Centers for Medicare & Medicaid Services, CMS é a denominación actual de HCFA.
- B) HCFA é Health Care Family Administration, CMS é Centers for Medical & Surgical Services, HCFA é a denominación actual de CMS.
- C) HCFA é Health Care Family Administration, CMS é Centers for Medicare & Medicaid Services, CMS é a denominación actual de HCFA.
- D) HCFA é Health Care Financing Administration, CMS é Centers for Medical & Surgical Services, HCFA é a denominación actual de CMS.

100. O informe de alta dun paciente con antecedente persoal de cancro de próstata e portador de sonda urinaria que tiña ingresado por febre, constata como Diagnóstico Principal: cistite. Presenza de gonococos e echinococcus granulosus no cultivo de urina. Cal sería, das seguintes opcións, a codificación correcta para el Diagnóstico Principal?

- A) 595.89 Outros tipos especificados de cistite NCOC.
- B) 599.70 Hematuria non especificada.
- C) 122.3 Outra infestación por echinococcus granulosus.
- D) 098.11 Cistite gonocócica (aguda).

101. Un centro sanitario ambulatorio especializado privado, dispón de 10 especialidades médicas e 4 cirúrxicas. De acordo co RD 69/2015, do 6 de febreiro, polo que se regula o Rexistro de Actividade de Atención Sanitaria Especializada, cal das seguintes respostas é a correcta para a data en que debe iniciar a recollida de datos do rexistro?

- A) 1 de xaneiro do 2020.
- B) 1 de xaneiro do 2022.
- C) 31 de decembro do 2021.
- D) O día seguinte ao da súa publicación no DOG.

102. Paciente con litiasis pielorrenal dereita que ingresa para realización dunha LEOC (litotricia extracorpórea por ondas de choque). Indique a resposta correcta:

- A) 0TC03ZZ Extirpación en ril, dereito, abordaxe percutánea.
- B) 0TD03ZZ Extracción de ril, dereito, abordaxe percutánea.
- C) 0TF3XZZ Fragmentación en pelve renal, dereita, abordaxe externa.
- D) 0TF33ZZ Fragmentación en pelve renal, dereita, abordaxe percutánea.

103. Cando dicimos que a nivel mundial o número de persoas afectadas por diabetes en 2014 foi 387 millóns, falamos de...?

- A) Prevalencia.
- B) Incidencia.
- C) Incidencia acumulada.
- D) Taxa de incidencia.

104. Paciente ingresado para drenaxe de hematoma mesencefálico. Durante a intervención prodúcese unha esgazadura pineal. Coa CIE-10-ES, ¿cal das seguintes opcións indica a codificación correcta da esgazadura?

- A) Un código das categorías T80-T88 Complicacións da atención cirúrxica e médica, non clasificadas baixo outro concepto.
- B) Un código das categorías T80-T88 Complicacións da atención cirúrxica e médica, seguido dun código das categorías Y83-Y84.
- C) Un código do capítulo 6, enfermidades do sistema nervioso, para identificar a complicación intraoperatoria e posprocedemento do sistema nervioso, seguido dun código das categorías T80-T88.
- D) Un código do capítulo 4, enfermidades endocrinas, nutricionais e metabólicas, para identificar a punción e a esgazadura accidental dun órgano ou estrutura do sistema endocrino, durante outro tipo de procedemento.

105. Muller de 80 anos con cataratas, que ingresa por perda progresiva da visión. O diagnóstico á alta é membrana epirretiniana bilateral. Cal das seguintes opcións é a correcta de acordo coa CIE-10-ES para o diagnóstico principal?

- A) Catarata secundaria a trastornos oculares, bilateral.
- B) Engurra ou gliose de mácula, bilateral.
- C) Catarata senil non especificada, bilateral.
- D) Dexeneración macular exudativa relacionada coa idade, bilateral, con cicatriz inactiva.

106. Para codificar un episodio de hospitalización con CIE-10-ES de un paciente con antecedentes de consumo de tabaco que deixou o hábito tres semanas antes do ingreso.

- A) Deberá asignarse un código de dependencia a nicotina pois leva menos de seis meses.
- B) Deberá asignarse un código de dependencia a nicotina pois leva menos de oito semanas.
- C) Deberá asignarse un código de historia persoal de consumo de nicotina.
- D) Deberá asignarse un código de historia persoal de dependencia a nicotina.

107. Paciente que ingresa por infección urinaria por estafilococo aureus meticilin resistente debida a biopsia prostática realizada hai dous días. A efectos de clasificación con CIE-10-ES, cal é o diagnóstico principal?

- A) N39.0 Infección de tracto urinario, localización non especificada.
- B) A41.02 Sepsis debida a Staphylococcus aureus resistente a meticilina.
- C) N99.89 Outras complicacións e trastornos posprocedemento do aparello xenitourinario.
- D) Y83.8 Outros procedementos cirúrxicos como causa de reacción anormal do paciente ou de complicación posterior, sen mención de evento adverso no momento do procedemento.

108. Paciente que ingresa por dor abdominal. Despois de colonoscopia o diagnóstico á alta é pólipo no colon sigmoide. Cal é a opción correcta para a codificación do diagnóstico de acordo coa CIE-10-ES?

- A) Neoplasia benigna de colon sigmoide.
- B) Polipose intestinal.
- C) Pólipo inflamatorio de colon sigmoide.
- D) Pólipo de colon.

109. Paciente trasladado do Hospital A ao Hospital B debido a un infarto cerebral. No Hospital A e 4 horas antes do traslado, adminístraselle tPA (activador de plasminóxeno tisular) intravenoso nunha vea periférica. A infusión de tPA séguese facendo durante o transporte e á chegada ao Hospital B. Indique a resposta correcta:

- A) Debe asignarse como diagnóstico secundario, o código Z92.82 na historia clínica do hospital receptor do paciente e non do hospital de orixe do paciente.
- B) Debe asignarse como diagnóstico secundario, o código Z92.82 na historia clínica do hospital receptor do paciente e do hospital de orixe do paciente.
- C) Non debe asignarse como diagnóstico secundario, o código Z92.82 na historia clínica do hospital receptor do paciente e si no do hospital de orixe do paciente.
- D) O código Z92.82 non debe utilizarse cun código de infarto cerebral.

110. Paciente que ingresa para tratamento dunha dor aguda debido a unha hernia discal lumbar. Indique a secuencia correcta de códigos:

- A) Só o código de hernia discal lumbar.
- B) Código de hernia discal lumbar e código da categoría G89 Dor, non clasificada baixo outro concepto.
- C) Código de hernia discal lumbar e código da categoría R52 Dor, non especificada.
- D) Código de hernia discal lumbar e código M54.5 Dor na parte inferior das costas.